

**ACTA SESION ORDINARIA DO ILTMO. CONCELLO PLENO
CORRESPONDENTE O DIA 28 DE FEBREIRO DO 2002.-**

Na Casa Consistorial do Iltmo. Concello de Ribadavia, o día vinteito de febreiro do dous mil dous; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para procederen á celebración da sesión ordinaria do Concello Pleno oportunamente convocada: Alcalde-Presidente, Don José Pérez Iglesias.- Concelleiros: Don Francisco Alonso Fernández, Don Francisco Xabier Carreira Sebío, Don Julio Dabarca Cuiñas, Dona María José Escudero Estévez, Don Miguel Fidalgo Areda, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Marcos Blanco Jorge, Don Xosé Prieto Pérez, Dona Maria Martínez Abal, Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Celso Sotelo Barroso e Don Antonio Domínguez Lorenzo.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental do Concello, Don Vicente Soto Rodriguez.

Antes de inicia-la sesión, o Sr. Alcalde-Presidente do Concello, en nome da Corporación, quere manifesta-la súa máis enérxica condena polo atentado acaecido a semana pasada contra o Secretario das Xuventudes Socialistas Vascas e o acaecido esta mañá en Portugalete contra a concelleira do partido socialista Dona Esther Cabezudo e a súa escolta.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó desenvolvemento dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA ULTIMA SESION CELEBRADA, QUE FOI A DO 31 DE XANEIRO PASADO (Ordinaria).-

A Corporación Municipal, por unanimidade, presta aprobación ó borrador da Acta da última sesión celebrada, que foi a do 31 de Xaneiro pasado (Ordinaria).

2.- DAR CONTA: A) DECRETOS E RESOLUCIONS DA ALCALDIA, SEGUNDO O EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-

O Pleno dáse por enterado das seguintes:

Do 28 de decembro, sobre aprobación do padrón da Taxa de sumidoiros e taxa pola ocupación de vía pública con mesas e cadeiras.

Do 31 de decembro, sobre aprobación do padrón da Taxa pola ocupación da vía pública con materias de construción e valas.

Do 31 de decembro, dúas sobre aboamentos.

Do 25 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 29 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 30 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 31 de xaneiro, sobre aboamentos.

Do 31 de xaneiro, cincuenta e catro sobre fraccionamento de débeda tributaria.

Do 1 de febreiro, sobre aboamentos.

Do 2 de febreiro, sobre aboamentos.

Do 4 de febreiro, sobre aboamentos.

Do 5 de febreiro, sobre aboamentos.

Do 6 de febreiro, sobre aboamentos

Do 6 de febreiro, tres sobre resolución de recurso de reposición.

Do 7 de febreiro, sobre aprobación á inclusión no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello.

Do 7 de febreiro, sobre resolución de recurso de reposición.

Do 7 de febreiro, sobre aboamentos

Do 8 de febreiro, sobre aboamentos

Do 11 de febreiro, sobre aboamentos

Do 13 de febreiro, sobre aprobación á inclusión no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello.

Do 13 de febreiro, sobre aboamentos

Do 13 de febreiro, sobre cesamento de Dona Maria José Escudero Estévez como membro da Comsión de Goberno e como Tenente de Alcalde, así como tamén de nomeamento de Don Julio Dabarca Cuiñas.

Do 14 de febreiro, sobre aboamentos.

Do 14 de febreiro, sobre obras e outros asuntos da súa competencia.

Do 15 de febreiro, sobre aboamentos.

Do 18 de febreiro, sobre aboamentos.

Do 18 de febreiro, sobre aprobación á inclusión no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello.

Do 19 de febreiro, sobre aboamentos.

Do 20 de febreiro, sobre aboamentos.

Do 21 de febreiro, sobre aboamentos.

Do 22 de febreiro, sobre aboamentos.

Do 26 de febreiro, sobre aprobación á inclusión no Padrón Municipal de Habitantes deste Concello.

B) DE NOMEAMENTO DE VOCEIROS DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR E DESIGNACION DE CONCELLEIROS DO GRUPO MUNICIPAL DO P.P. INTEGRANTES DAS COMISIONS INFORMATIVAS PERMANENTES.-

Os señores Concelleiros membros da Corporación dánse por enterados do nomeamento de voceiros do grupos municipal do P.P. segundo o seguinte detalle:

Partido Popular: Don Celso Sotelo Barroso; suplentes: Don Secundino Rodríguez Gómez, Dona Maria Martínez Abal, Don Julio Dabarca Cuiñas e Dona Maria José Escudero Estévez.

O Pleno fica enterado da designación dos concelleiros do grupo municipal do P.P. integrantes das Comisións Informativas Permanentes quedando as mesmas compostas do seguinte xeito:

1.- COMISION ESPECIAL DE CONTAS E INFORMATIVA DE FACENDA, INCLUE XUVENTUDE.-

Titulares: Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Julio Dabarca Cuiñas, Dona María Martínez Abal, Don Antonio Domínguez Lorenzo, Don Miguel Fidalgo Areda, Don Marcos Blanco Jorge e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.

Suplentes: Don Celso Sotelo Barroso, Dona María José Escudero Estévez, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don José Prieto Pérez e Don Francisco Alonso Fernández.

2.- COMISION DE SERVICIOS, MEDIO AMBIENTE, PERSOAL E REXIME INTERIOR, INCLUE POLICIA LOCAL E TRAFICO.-

Titulares: Don Celso Sotelo Barroso, Don Julio Dabarca Cuiñas, Dona María Martínez Abal, Don Antonio Dominguez Lorenzo, Don Miguel Fidalgo Areda, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Alonso Fernández.

Suplentes: Dona Maria José Escudero Estévez, Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Marcos Blanco Jorge, Don José Prieto Pérez e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.

3.- COMISION DE PARTICIPACION CIUDADANA E ASUNTOS SOCIAIS.-

Titulares: Dona María Martínez Abal, Don Julio Dabarca Cuiñas, Dona María José Escudero Estévez, Don Antonio Domiguez Lorenzo, Don Marcos Blanco Jorge, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Francisco Alonso Fernández.

Suplentes: Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Celso Sotelo Barroso, Don Miguel Fidalgo Areda, Don José Prieto Pérez, Don Francisco Xabier Carreira Sebio.

4.- COMISION DE DEPORTES E RELACIONS VECIÑAIS.-

Titulares: Don Julio Dabarca Cuiñas, Dona María Martínez Abal, Don Secundino Rodríguez Gómez, Don Antonio Domiguez Lorenzo, Don José Prieto Pérez, Dona Manuela Iglesias Collarte, Don Francico Xabier Carreira Sebio.

Suplentes: Don Celso Sotelo Barroso, Dona María José Escudero Estévez, Don Marcos Blanco Jorge, Don Miguel Fidalgo Areda e Don Francisco Alonso Fernández.

5.- COMISION DE OBRAS E URBANISMO.-

Titulares: Don Celso Sotelo Barroso, Don Secundino Rodríguez Gómez, Dona María Martínez Abal, Don Antonio Domíguez Lorenzo, Don Miguel Fidalgo Areda, Don José Prieto Pérez, Don Francisco Alonso Fernández.

Suplentes: Don Julio Dabarca Cuiñas, Dona María José Escudero Estévez, Don Marcos Blanco Jorge, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.

6.- COMISION DE CULTURA, EDUCACION E TURISMO.-

Titulares: Don Secundino Rodríguez Gómez, Dona María Martínez Abal, Don Julio Dabarca Cuiñas, Don Antonio Dominguez Lorenzo, Don Marcos Blanco Jorge, Don José Prieto Pérez e Don Francisco Xabier Carreira Sebio.

Suplentes: Don Celso Sotelo Barroso, Dona María José Escudero Estévez, Don Miguel Fidalgo Areda, Dona Manuela Iglesias Collarte e Don Francisco Alonso Fernández.

3.- APROBACION SE PROCEDE, DO CONVENIO DE ASESORAMENTO TECNICO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA CO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Obras e Urbanismo celebrada o pasado 21 de Febreiro que di: " O Sr. Presidente efectivo da Comisión comenza explicando que este é un convenio que estivo vixente durante o presente ano, agora o que se trata é de prorrogalo por un ano máis nas mesmas condicións nas que estaba ata agora, sinalando que por coherencia vai a apoialo como o apoiou en anos anteriores.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, para reitera-la oposición do seu grupo ó devandito convenio por varias cuestións, entre elas pola designación do técnico, polo feito de que hai unha oficina do P.E.R.I. que pode cubrir ditas necesidades e polo feito de que pensa que habería que reforza-los servicios urbanísticos do Concello coa contratación de persoal de apoio ó Sr. Aparellador municipal.

Intervén Don Xosé Prieto Pérez, para sinalar que o seu grupo vaise a reservar para o Pleno, se ben sinala que o lóxico sería contratar persoal de apoio ó Sr. Aparellador municipal, dicindo que este pode se-lo momento oportuno para poder reforzar dito servicio.

Esgotado o debate, o Sr. Presidente efectivo da Comisión, somete a consideración dos señores membros da Comisión a aprobación ou non do devandito Convenio, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.P. e Grupo Mixto); votos en contra, un (B.N.G.); reservanse para o Pleno os membros do P.S.O.E..- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica dictaminado favorablemente".

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para facer unha enmenda ó texto do Convenio propoñendo substituí-lo contido da cláusula primeira (apartados 1º o 5º), no relativo ás funcións da Asesoría polo seguinte: " 1ª Redacta-la Documentación técnica, memorias, proxectos etc... para execución de obras e actuacións municipais que se lle encarguen. 2º.Redactar memorias, propostas e documentación técnica para a solicitude de subvencións e axudas das Administracións Públicas". Finaliza a súa intervención sinalando que esta

modificación ten como obxecto delimita-las funcións entre o Sr. Aparellador Municipal e mailo Arquitecto Asesor Urbanístico.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, Concelleiro do grupo mixto, para sinalar que considera necesario a formalización de dito convenio dado o volume de traballo existente no Concello, manifestando asemade a súa conformidade coa redacción, xa que con ela ábrese a posibilidade de substitucións do técnico municipal no caso de vacacións, baixas ou outras situacións similares.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, Concelleiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que a enmenda presentada pode mellora-lo convenio, se ben sinala que este convenio está pensado para Concellos que carecen de técnico municipal. Finaliza a súa intervención dicindo que este convenio está impedindo que se potencie a oficina urbanística do Concello, sinalando que coa oficina do P.E.R.I. no é necesaria a figura do Asesor Urbanístico.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para sinalar que este convenio tal como está redactado pode ser unha disculpa para que o grupo de goberno encargue informes á carta e, esta non é a forma de organiza-los servicios urbanísticos do Concello.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para mostra-la súa conformidade co manifestado polo Sr. Domínguez Lorenzo, indicando de seguido que o Convenio é necesario para o bo funcionamento do Concello, anunciando o seu voto favorable ó mesmo.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, para sinalar que na súa idea está o mellora-la oficina técnica do Concello e así está previsto a contratación dun delineante, o cal espera que se recolla nos presupostos municipais.

Intervén Don Francisco Alonso Fernández, para sinalar que a Deputación ten un convenio de asistencia técnica cos municipios e no caso que o Concello o necesite pode solicitar que lle manden un técnico.

De seguido o Sr. Alcalde, somete a votación ordinaria a enmenda ó convenio presentada polo voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona Maria José Escudero Estévez e Grupo Mixto).- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica aprobada a enmenda presentada.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non do devandito Convenio coa enmenda realizada polo voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez e Grupo Mixto).- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica aprobado o devandito Convenio coa enmenda presentada polo voceiro do grupo municipal do P.S.O.E..

4.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO P.S.O.E. SOBRE A FEIRA DO VIÑO.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Cultura celebrada o pasado 21 de Febreiro que di: "Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello de Ribadavia, da conta da moción presentada polo grupo municipal socialista e que de seguido se transcribe:

"MIGUEL FIDALGO AREDA, Portavoz do Grupo Municipal do PS deG-PSOE,

Lémbrale que en maio do 2001 este Grupo formulou MOCION sobre a organización da Feira do Viño.

Que tendo en conta que se empezou a dialogar no mes de xaneiro sobre a cuestión e as circunstancias de cambio do Presidente do Consello Regulador e circunstancias deste organismo, fan conveniente que a citada MOCION se someta ó Pleno para que sea éste quen se pronuncie ó respecto sobre a citada Moción.

Por elo é polo que

SOLICITA

Que a Moción sobre a Feira do Viño de maio de 2001 se someta á consideración do Pleno, previo o dictame da correspondente Comisión que deberá celebrarse nesta semán. Adxúntase texto da Moción. Ribadavia, a 18 de Febreiro de 2002. Asdo.: Miguel Fidalgo Areda. Portavoz".

De seguido transcribese a moción referenciada: "O Grupo do PS de G-PSOE no Concello de Ribadavia, co fin de que sexa debatida polo Pleno, presenta ante o mesmo a seguinte MOCION:

Vén de remata-la 38ª Edición da Feira do Viño, primeira do século XXI con diferentes valoracións.

Ó longo das dúas últimas décadas véñse repetindo un vivo debate sobre a orientación máis axeitada deste Certame que naceu de Ribadavia para promocionar e prestixia-los Viños da Comarca.

Estas dúas posicións resúmense entre dúas claramente definidas e ás veces antagónicas que cómpre que convivan e se complementen consensuando o modelo de Feira para os próximos anos.

Ó redor dese Esquema de Feira poderanse decidi-lo resto dos elementos: cal é o mellor recinto, coma ofrecer unha estética acorde coa calidade dos nosos viños, actividades a favor da comercialización dos viños de colleiteiros e das adegas, xornadas de debate sobre as cuestións candentes da Denominación, actividades de innovación de interés para a D.O. Ribeiro, actividades de formación en técnicas agrarias ou enolóxicas, enfoque do Pregón e das Actividades Gastronómicas, dos Concursos de Cata, do Deseño do Recinto e postos expositores, das Actividades Musicais, etc.

Polo tanto consideramos que o primeiro paso é decidir, en clave de Consenso, o Deseño de Feira que queremos e que precisa o sector do Viño para que siga sendo un instrumento útil. E poñerse a traballar tódalas forzas dende o primeiro día para Salva-la Feira do Viño.

Para elo formulamos ante a Corporación a seguinte PROPOSTA de Acordo:

O Pleno da Corporación acorda constituí-la Comisión Organizadora da 39ª Edición da Feira do Viño que, baixo a Presidencia do Alcalde, estará formada pola Comisión Informativa de Cultura e igual número de representantes dos distintos sectores Vitivinícolas, elixidos polo Consello Regulador.

Esta Comisión Organizadora elaborará nos próximos meses un Deseño de Feira do Viño que recolla as ideas e propostas dos distintos sectores e, presentará un Proxecto e Presuposto para a próxima edición. Ribadavia, a 4 de maio de 2001.- Asdo. por tódolos membros do grupo".

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para defende-la oportunidade desta moción sinalando que a mesma ven determinada polo feito de cambio de Presidente do Consello Regulador e pola necesidade de darlle un novo enfoque á feira para o que solicita a creación dunha comisión organizadora onde se debatan ditas cuestións. Finaliza a súa intervención para dicir que é necesario o pronunciamento do Pleno para darlle maior garantías.

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello, sinalando que está de acordo en retoma-lo tema, se ben, o cambio de data nesta edición non lle parece correcto dada a proximidade coas datas previstas. Finaliza a súa intervención sinalando que está de acordo coa creación dunha comisión organizadora e así tratar de crear unha fundación ou un Patronato coa elaboración duns estatutos para regular tódolos aspectos que atinxan á Feira (aportacións económicas, actos a desenvolver etc...) relacionados coa organización da Feira do Viño.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, para sinalar a súa conformidade coa creación dun Patronato, Fundación ou ben a formalización dun Convenio sempre e cando a Presidencia a asuma o Concello de Ribadavia; en canto a presente edición sinala que, dado as datas nas que nos atopamos deberíanse celebrar reunións cos colleiteiros e adegueiros para tratar de fixa-la filosofía e datas da presente edición.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para sinalar que ten a impresión que ata agora estivo perdendo o tempo e estiveronse dando largas para non facer nada; continúa dicindo que o que agora se propón xa se propuso con anterioridade polo seu grupo. Finaliza a súa intervención dicindo que están de acordo coa moción, se ben débense fixar prazos e un calendario de reunións nas que se pode abordar e estudar un borrador para a creación dunha fundación e un Patronato.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para sinalar que hoxe certifícase que houbo unha dilación premeditada para que non cambiase nada; di que este tema non é conveniente aprazalo para o ano que ven e co que se dixo corrobórase que o Sr. Alcalde non sabe que facer coa feira. Finaliza a súa intervención dicindo que co cese do Presidente do Consello Regulador acabouse a innovación da Feira do viño, solicitando que o Pleno se pronuncie sobre a moción presentada.

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, para dicir que as datas e prazos poden saír desta Comisión, así coma tamen facer un borrador dos Estatutos para estudialo entre todos. Finaliza a súa intervención dicindo que está de acordo en que hai que falar cos colleiteiros e adegueiros así como co novo Presidente do Consello Regulador, indicando que, o trascendente non é a data da feira senón a filosofía da mesma que é o que se ten que tratar de definir.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, para sinalar que as ideas sobre as que se traballou nas derradeiras reunións eran boas, se ben pensa que, para non dar paos de cego

habería que falar cos implicados, colleiteiros e adegueiros.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para solicitar que haxa un pronunciamento expreso da moción por parte do Pleno.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para sinalar que o seu grupo apoia a moción, se ben é partidario de que se fixe un calendario de reunións.

Intervén Dona Maria José Escudero Estévez, para sinalar que tendo en conta o retraso que se leva na organización da presente edición da feira do viño o lóxico sería prantexarse un cambio de datas. Finaliza a súa intervención dicindo que o feito de que non estea nomeado o novo presidente do Consello Regulador non é motivo para que non haxa reunións, xa que o Consello regulador dispón dos seus propios órganos.

Intervén Don Xosé Prieto Pérez, para sinalar que é inconcebible que á data de hoxe no haxa nada feito nin planificado sobre a vindeira edición da Feira do Viño, sinalando que o primeiro que habería que concretar sería o tema do presuposto.

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, para sinalar que a semana que ven teranse reunións cos sectores e organismos implicados no desenvolvemento da Feira.

De seguido e despois de manifesta-lo Sr. Alcalde que non vota tras varias intervencións dos presentes sobre o número de votos do grupo municipal do P.P. nesta comisión, sométese a votación ordinaria a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, cinco (P.S.O.E., B.N.G., Grupo Mixto e Dona Maria José Escudero Estévez); votos en contra, dous (P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez). Por conseguinte, por maioría absoluta, fica dictaminada favorablemente a devandita moción".

Intervén Don Miguel Fidalgo, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que o seu grupo presentou con moita ilusión en maio pasado esta moción; di que ata xaneiro non se realizou ningunha reunión para trata-lo tema, sinalando de seguido que a Corporación débese pronunciar sobre dita cuestión, co fin de establece-la filosofía da Feira e de establecer un esquema fixo de feira para vindeiras edicións. Finaliza a súa intervención solicitando que o Pleno faga un pronunciamento expreso e se comprometa á creación dunha comisión organizadora.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, Concelleiro do grupo mixto, para manifesta-la súa conformidade coa moción presentada, se ben entende que se deberán manter reunións cos sectores implicados, concretamente, cos adegueiros e colleiteiros.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para sinalar que esta moción dilatouse intencionadamente; di tamén que, apoian a moción se ben, teñen dúbidas sobre o funcionamento de dita comisión para o cal solicitan un calendario de reunións e que o Sr. Alcalde faga unha declaración clara e expresa sobre que en dita comisión falarase de presuposto, datas da feira e compromiso do Sr. Alcalde de asumi-los acordos adoptados no seno da comisión.

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello, para manifesta-la súa conformidade con todo o que sexa pluralidade á hora de establece-lo diseño da feira; di que esta semana falou co novo Presidente do Consello Regulador, quen lle manifestou que nun principio non hai inconveniente en mante-lo presuposto de anos anteriores, así coma tamén que ía a facer xestións para que tanto os adegueiros coma os industriais designasen representantes para estar nesa comisión; continúa dicindo que o único co que non está de acordo é co cambio de data da feira, di que lle parece prematuro e que sería concentrar tódolos eventos culturais do Concello nunha época do ano o cal podería perxudicar a diversos sectores, di que o devandito cambio prodúxose unha vez nas edicións celebradas e volveuse ás datas de sempre, se ben, anuncia que se a proposta de cambio de data ven de tódolos sectores implicados o grupo de goberno aceptarao. Finaliza a súa intervención manifestando o seu apoio á creación dunha comisión organizadora, comprometéndose a que no seno da mesma e con tódolos sectores se estudie o diseño da Feira suxetándose ós criterios da maioría da comisión.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para sinalar que non aceptan politicamente o prantexamento manifestado polo Sr. Alcalde, xa que se está ceñindo a unha cuestión parcial e que no é obxecto deste debate; di que se decide crear unha comisión o Sr. Alcalde ten que estar disposto a aceptar tanto o que lle guste como o que non lle guste. Finaliza a súa intervención dicindo que espera que o Sr. Alcalde crea neste proceso, xa que se non deixarian a comisión, manifestando que o seu grupo está disposto a arriscarse para facer algo novo.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, para sinalar que o primeiro que habería que facer sería sabe-lo presuposto co

que se conta para organiza-la Feira, asinando un convenio entre o Concello e mailo Consello Regulador que defina as obrigas de cada organismo; sinala que se debe fixar quen debe participar na comisión, facendo ficapé en que é importante que os sectores implicados (adegueiros e colleiteiros) sexan os que determinen as datas da feira.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para reiteralo seu apoio á proposta; di que nas reunións que se habían mantido co antigo Presidente do Consello Regulador díxose que era unha vella reivindicación do sector o estudio de cambio das datas, sinalando que nas reunións non se falou de datas concretas senón que se barallaron varias posibilidades. Finaliza a súa intervención dicindo que o cambio de datas debe ser estudiado por tódolos sectores implicados e se aproban esta moción fanse copartícipes da organización da Feira do Viño.

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, para manifestar que na súa primeira intervención falou claramente o que pensa e dixo que non era partidario do cambio de data da Feira, se ben suxeitarase ó que acorde a maioría. Finaliza a súa intervención manifestando o seu apoio á moción presentada.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para sinalar que o cambio de data da edición do ano 89 fíxose consensuada por tódolos sectores e despois cambiouse porque houbo cambio de Alcalde.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

5.- APROBACION, SE PROCEDE, DE TRANSMISION DE LICENCIA DE AUTO-TAXI N° 19, A PROL DE DONA MARIA DEL CARMEN MARTINEZ GONZALEZ EN CALIDADE DE USUFRUCTURAIA E DONA MARIA JOSE MIGUEZ MARTINEZ E DONA MARIA RAQUEL MIGUEZ MARTINEZ HEREDERAS LEXITIMAS.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios, Medio Ambiente, Persoal e Réxime Interior, que inclúe Policía Local e Tráfico celebrada o pasado 21 de Febreiro que di: " Coñece a Comisión escrito de Dona María del Carmen Martínez González na calidade de usufructuaria e Dona María José Míguez Martínez e Dona María Raquel Miguez Martínez, na calidade de heredeiras lexitimas, que solicitan a transmisión da titularidade da licencia n° 19 de autotaxi deste Concello, a cal figuraba a nome de Don José Míguez Fernández; a Comisión analiza toda a documentación presentada e polo Secretario do Concello

asesórase sobre a normativa legal de aplicación e mesmo sobre a ordenanza fiscal reguladora da taxa por licencias de autotaxi, correspondendo a esta transmisión unha taxa por importe de 200.000 ptas. A Comisión, por unanimidade de tódolos señores presentes, dictamina favorablemente e propón ó Pleno que se acceda ó cambio de titularidade da devandita licencia a prol de Dona María del Carmen Martínez González na calidade de usufructuaria e Dona Maria José Míguez Martínez e Dona Maria Raquel Miguez Martínez, na calidade de herdeiras lexítimas, as cales aboarán a cantidade de 200.000 ptas. polo concepto de taxa desta transmisión, sen o cal requisito ficará nula e sen efecto".

Sen necesidade de entrar en debate, o Pleno por unanimidade, accede ó cambio de titularidade da devandita licencia a prol de Dona María del Carmen Martínez González na calidade de usufructuaria e Dona Maria José Míguez Martínez e Dona María Raquel Míguez Martínez, na calidade de herdeiras lexítimas, as cales aboarán a cantidade de 1.202,02 euros (200.000 ptas.) polo concepto de taxa desta transmisión, sen o cal requisito ficará nula e sen efecto.

6.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G., SOBRE AS GRAVEIRAS DE SAN CRISTOVO.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios, Medio Ambiente, Persoal e Réxime Interior, que inclúe Policía Local e Tráfico celebrada o pasado 21 de Febreiro que di: " Don Celso Sotelo Barroso, Presidente efectiva da Comisión, da conta da moción presentada polo grupo municipal do B.N.G. e que de seguido transcribese:

"MOCION SOBRE AS GRAVEIRAS EN SAN CRISTOBO.

Hai anos que, despois de facer unha explotación ilegal de áridos na zona denominada Graveiras de San Cristobo de Regodeigón, estas lagoas que alí quedaron téñense convertido nun hábitat natural para a crianza dalgunhas especies migratorias protexidas (Garzas, Cigoñas, Avetorillo, etc) e por outro lado están a converterse nun vertedoiro incontrolado.

Dende distintos sectores deste Concello se ten intentado recuperar este espacio para convertilo nun Aula da Natureza (hai un proxecto elaborado pola Asociación Ecoloxista Ridimoas) e dende este Concello, a Delegación de Medio Ambiente e tamén Xestur se ten prometido reiteradas veces o apoio a esta idea pero cunha nula actividade práctica posterior.

A Xunta de Galiza ven de publicar a Lei 9/2001, do 9 de agosto de 2001, de conservación da natureza (D.O.G. nº 171 do 4 de Setembro de 2001) que no seu Título Preliminar nos ven a recordar o deber de todos/as cidadáns e Administracións que respectaren e conservaren os espazos naturais e a obriga de repararen o dano que causen (Art. 3).

Á vista da actual situación, para nós, de abandono e paulatino deterioro e na defensa dos intereses dos veciños deste Concello de Ribadavia, é polo que propoñemos a este Pleno que tome os seguintes acordos:

1º.- Dirixirse á Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galiza para que esta zona sexa declarada "Humidal protexido" e entre a formar parte dos espazos protexidos pola propia Xunta ó amparo da citada lei.

2º.- Dirixirse a Xestur e a Delegación de Ourense da Consellería de Medio Ambiente para que cumpran as repetidas promesas de mercar estes terreos e fagan as inversións oportunas para crear alí unha "Aula da Natureza".

3º.- Tomar as medidas oportunas dende este Concello para impedir o verquido de puríns, esterco e outros verquidos (e mesmo denunciar ante as autoridades competentes) que están a contaminar gravemente este paraxe dunha forma caseque irrecuperable. En Ribadavia, a 18 de Febreiro de 2002.

Asdo: Francisco Alonso Fernández.- Asdo.: Fco. Xabier Carreira Sebio".

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para manifesta-lo apoio do seu grupo á devandita moción.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, para sinalar que dende o Concello fixéronse xestións se ben descoñece os resultados; di que todo o que sexa insistir nos temas parécelle correcto.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, Presidente efectivo da Comisión, para dicir que dito tema foi xestionado dende o Concello e de feito existe un compromiso de Xestur e da Cotop de facer a aula da natureza unha vez dea comenzo a 2ª fase. Finaliza a súa intervención dicindo que non din que non á moción, se ben estudiarana para o Pleno.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e B.N.G.); resérvanse para o Pleno os

membros do P.P. e Grupo Mixto.- Por conseguinte e por maioría, fica dictaminada favorablemente dita moción".

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para explicar dun xeito pormenorizado a moción presentada.

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, para sinalar que existe un compromiso con dotación presupostaria para a adquisición dos terreos para convertilos en aúla da natureza, dicindo que está contemplado dentro da segunda fase do parque empresarial.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, para manifesta-lo apoio do seu grupo á moción presentada; di que, dado o tempo transcurrido, non lle parece creíble o tema da consignación presupostaria se non hai papeis que o acrediten, xa que a promesa de crear unha aúla de natureza nesa zona ven de lonxe.

Intervén Don Celso Sotelo Barroso, voceiro do grupo municipal do P.P., para dicir que dito tema xestionouse dende o Concello e de feito existe un compromiso de Xestur e de Medio Ambiente de face-la Aula da Natureza unha vez dea comezo a 2ª fase; continúa dicindo que hai unha partida de 171 millóns para a segunda fase do parque e dentro da mesma está incluída a partida para a adquisición da graveiras; continúa dicindo que Medio Ambiente asumiu o 90% do proxecto da asociación ecoloxista Ridimoas. Finaliza a súa intervención dicindo que non van a votar a prol da moción, xa que é algo que está comezado e, que é unha cuestión de prazos a súa posta en marcha.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, para dicir que lle gustaría coñecer-los os compromisos de Xestur e Medio Ambiente; di que na moción se establecen tres peticións e, a terceira refírese á toma de medidas oportunas dende este Concello para impedi-lo verquido de zurros, esterco e outros verquidos na zona e deso non se di nada polo voceiro do P.P.; di que a devandita moción no pretende quitar méritos a nadie, senón que o que se pretende é que se declare a zona coma "Humidal protexido", o que conlevaría a conservación e protección da área pola Consellería de Medio Ambiente.

Intervén o Sr. Domínguez Lorenzo, para reiterar que existe dotación presupostaria para a adquisición dos terreos das graveiras na partida correspondente á 2ª fase do parque empresarial.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para dicir que o que hai que analizar é a iniciativa que se presenta e non quen a presenta, sinalando que a mesma é positiva e constructiva para o pobo.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para sinalar que o seu grupo non ten que dubidar das palabras dadas, xa que non teñen motivos; en canto ós verquidos na zona di que cando se ten coñecemento dos mesmos dáse conta a Seprona e á Policía Autonómica, se ben manifesta que é moi difícil atallar dita problemática. Finaliza a súa intervención manifestando o seu posicionamento en contra da moción presentada, polo xa manifestado nas súas anteriores intervencións.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para manifestar que non dubida que sexa difícil vixila-los verquidos, se ben dende o Concello hai que buscar solucións para evitalos.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E, B.N.G. e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez e Grupo Mixto).- Por conseguinte, por maioría absoluta, fica aprobada a devandita moción.

7.- MOCION DE DON ANTONIO DOMINGUEZ LORENZO, CONCELEIRO DO GRUPO MIXTO, SOBRE BASES XERAIS PARA A CONTRATACION, POR CONCURSO DE PRAZAS DE REXIME LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios, Medio Ambiente, Persoal e Réxime Interior, que inclúe Policía Local e Tráfico celebrada o pasado 21 de Febreiro que di: " Don Celso Sotelo Barroso, Presidente efectivo da Comisión, da conta da moción presentada polo Concelleiro do grupo mixto, Don Antonio Domínguez Lorenzo e que de seguido transcríbese:

"Don ANTONIO DOMINGUEZ LORENZO, Concejel del Grupo Mixto del Ayuntamiento de Ribadavia a medio del presente escrito formula MOCION sobre BASES DE SELECCION DE PERSONAL de acuerdo a la documentación adjunta y a los efectos de que se trate de conformidad a la legalidad vigente.En Ribadavia a 18 de febrero de 2002".

De seguido procédese ó estudio de por parte de tódolos presentes das bases presentadas, facendo as seguintes modificacións; no relativo ó tribunal, base 7, establécese que o Secretario do mesmo deberá se-lo Secretario do

Concello ou o funcionario no que delegue, en canto ós vocais sinálase que a partir dos concelleiros vocais ou, outro vocal non poderá ser concelleiro, introducindo como vocal a un representante do comité de empresa ou delegados de persoal do Concello; en canto ó baremo, base 6, no seu punto 1º establécese que os servicios prestados á comunidade deberán ser realizados por organizacións, fundacións ou institucións recoñecidas oficialmente, reducindo a puntuación máxima nese apartado a 0,10 puntos; acórdase modifica-la baremación de coñecemento do idioma galego de xeito que quede en 0,20, 0,30 e 0,50 respectivamente; en canto ás probas prácticas establecidas na base 6º sinálase que as mesmas poderan consistir na realización de traballos prácticos propios do posto ó que se refire a convocatoria, exercicios culturais en función do nivel de titulación esixida e resposta a preguntas sobre temas incluídos no anexo que se xuntará á convocatoria, establecéndose que a valoración máxima de 7 puntos será por cada proba; suprímese na base 8 o relativo a que será "o tribunal se o considera oportuno" o que publicará as datas da realización das obras. Por último engádese á base 10 que "Na medida do posible as probas realizaranse fóra da xornada de traballo".

De seguido sométese a votación ordinaria a moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.S.O.E., B.N.G. e Grupo Mixto); resérvanse para o Pleno, os membros do P.P.. Por conseguinte, por maioría absoluta, queda informada favorablemente a devandita moción".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, Concelleiro integrante do grupo mixto, para sinalar que o obxecto da presentación destas bases é establecer unha regulación clara para a contratación de persoal laboral temporal; di que na comisión modificáronse determinadas cuestións da proposta presentada manifestando a súa conformidade.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., para felicitarse pola unanimidade acadada neste asunto; di que se antes non se aprobaron foi por unha cabezonería do Concelleiro de Persoal de non querer incluír no tribunal ós membros da oposición. Finaliza a súa

intervención dicindo que existe un compromiso de facer unha bolsa de parados para facer substitucións, sinalando que con estas bases gánase transparencia nas contratacións de persoal.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para alegrase da unanimidade conseguida neste tema, sinalando que con esto que se aproba hoxe queda prohibido o enchufismo no Concello de Ribadavia, dicindo que queda pendente o tema da bolsa de traballo.

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente, para sinalar que o importante dunhas bases é a baremación e non quen forme parte do tribunal.

Intervén o Sr. Sotelo Barroso, para sinalar que é certo que as bases que presentou quedaron sobre a Mesa, se ben quere dicir que no grupo de goberno eran sete persoas e as veces el como Concelleiro de Persoal ten que defender posturas e cuestións que non está de acordo, se ben faino porque esta baixo a disciplina dun grupo.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita moción, obténdose o seguinte resultado: fican aprobadas por unanimidade as bases xerais para a contratación por concurso de prazas de réxime laboral temporal do Concello de Ribadavia.

De seguido procedese a transcrición do texto definitivo das bases aprobadas: "**BASES XERAIS PARA CONTRATACION, POR CONCURSO, DE PRAZAS EN REXIMEN LABORAL TEMPORAL DO CONCELLO DE RIBADAVIA.**"

1.- OBXECTO.

O obxecto das presentes bases é regula-las condicións xerais que rexerán as convocatorias específicas para as contratacións en réxime laboral, por tempo definido e determinado ou por obra e servizo, de personal laboral temporal ó servizo do Concello de Ribadavia.

As remuneracións por todo-os conceptos dos traballadores que se contraten será a que le corresponda según o convenio colectivo para o personal laboral ó servizo do Concello de Ribadavia ou en función da subvención estipulada na orde que regula a mesma.

O horario será o do convenio laboral ou o que figure nas bases de convocatoria de subvención.

2.- FUNCIONS.

Os aspirantes seleccionados terán como función levar a cabo as actividades e obxectivos que se especifiquen nas bases específicas e no contrato de traballo.

3.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Para participar na selección será preciso cumpri-los seguintes requisitos específicos:

1.- Posuí-la nacionalidade española ou a dun Estado membro da Unión Europea ou do espazo económico europeo, u obstenta-lo dereito á libre circulación de traballadores conforme ó Tratado da Unión Europea.

2.- Ter cumpridos 18 anos, salvo que a normativa ou subvención dispoña outra cousa.

3.- Non padecer enfermidade, nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvendo das correspondientes funcións.

4.- Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas

5.- Posuí-la titulación esixida par acceder á praza convocada.

6.- Estar en posesión dos títulos profesionais, carnés ou certificados que se esixan e habiliten para unha determinada profesión, oficio ou cometido.

Os requisitos deberán cumprirse na data na que remate o prazo de presentación das instancias e que estean debidamente xustificadas.

4.- SISTEMA DE SELECCION.

A selección realizarase mediante o sistema de concurso a través de convocatoria específica no que se valorarán os méritos presentados polos aspirantes de conformidade co recollido nestas bases xerais así como nas bases específicas que se publiquen para cada caso no taboleiro de anuncios do Concello.

5.- DOCUMENTACION E PRAZO PARA A PRESENTACION DAS SOLICITUDES.

As solicitudes formalizaranse nas instancias que se adxuntan a estas bases xerais e deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concelo ou remitilas por calqueira dos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de Novembro, no prazo de seis días hábiles, comenzando a computarse dito prazo a partir do días seguinte ó da

publicación do anuncio nun diario de difusión provincial, - prazo que, por urxencia xustificada, poderá verse reducido, achegándose a seguinte documentación:

- Copia cotexada do D.N.I. ou documento que proceda para os extranxeiros.

- Copia cotexada da titulación académica, así como dos títulos, carnés ou certificacións profesionais que se esixan.

- Documentos acreditativos dos periodos de inscrición como demandante de emprego na oficina pública de emprego, así como informe da vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificación negativa da vida laboral.

- Declaración de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño do posto de traballo.

- Relación de méritos que alega e documentación xustificativa e cotexada de cada un deles.

En ningún caso, se admitirán nin se valorarán os méritos non xustificadas, ou presentados unha vez rematado o prazo de entrega de solicitudes.

6.- BAREMO XERAL DE MERITOS

O baremo aplicado na valoración de méritos xerais será o seguinte:

1.- Circunstancias persoais.-

- Por cada ano de residencia neste Concello (acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar): 0,20 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada mes acreditado como desempregado/a, por medio do documento acreditativo dos períodos de inscrición como demandante de emprego: 0,02 puntos, ata un máximo de 1 punto.

- Por cada fillo ó seu cargo, menor de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,20 puntos con un máximo de 0,60 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por cada fillo ó seu cargo, maior de 25 anos, sen ingresos, que conviva no domicilio do solicitante 0,10 puntos con un máximo de 0,30 puntos (Acreditado por un certificado de empadramento da unidade familiar)

- Por servicios voluntarios prestados á Comunidade a traves de organizacións, fundacións ou institucións recoñecidas oficialmente: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,10 puntos.

2.- Experiencia profesional.-

- Por servicios prestados no Concello de Ribadavia na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por servicios prestados noutras Administracións Públicas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por servicios prestados en empresas privadas na mesma categoría á que se opta: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

- Por prácticas profesionais relacionadas coa actividade: 0,05 puntos/mes, ata un máximo de 0,25 puntos.

3.- Formación especializada.-

Por cada curso de formación, perfeccionamiento ou xornadas impartidas polas Administracións Públicas, Universidades, Oficinas de Emprego, Formación Ocupacional ou Continua e demás centros oficiais, relacionados coas funcións propias da categoría, ata un máximo de 2 puntos, baremado do seguinte modo:

- Cursos de ata 30 horas: 0,10 puntos/curso, ata un máximo de 0,40 puntos

- Cursos de ata 100 horas: 0,15 puntos/curso, ata un máximo de 0,60 puntos

- Cursos de mais de 100 horas: 0,20 puntos/curso, ata un máximo de 0,80 puntos

- Por xornadas: 0,05 puntos/xornada, ata un máximo de 0,20 puntos.

Tódolos cursos e xornadas realizados teñen que estar directamente relacionados coas funcións que se desenvolven.

4.- Titulación:

Por titulación superior a esixida para o desempeño do posto:

1. Por titulación académica.

Por título académico superior ó esixido, da mesma rama e especialidade, valorarase o grao superior acreditado con 0,50 puntos

2. Por outras titulacións.

Títulos ou certificados profesionais, carnés, superiores ós esixidos e expedidos por organismos oficiais, pero da mesma rama e especialidade, valorarse o grao superior acreditado con 0,50 puntos.

Polo recoñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

- Curso de iniciación ó galego: 0,20 puntos

- Curso de perfeccionamento: 0,30 puntos

- Curso de especialización: 0,50 puntos

As probas teóricas e/ou prácticas, valoraranse cunha puntuación máxima de 7 puntos por cada proba, as cáles poderan consistir:

1.- Realización de traballos prácticos propios do posto o que se refire a convocatoria.

2.- Exercicios culturais en función do nivel de titulación esixida.

3.- Contestación a preguntas sobre temas incluídos no anexo que se xuntará a convocatoria.

7.- TRIBUNAL CALIFICADOR.-

O Tribunal que terá como función a valoración dos méritos alegados polos aspirantes, estará integrado polos seguintes membros:

PRESIDENTE: O Alcalde ou persona en quen delegue

SECRETARIO: O Secretario do Concello ou funcionario no que delegue.

VOCAIS:

- Serán vocais os membros dos partidos políticos que existan en cada momento no Concello de Ribadavia gardando a proporción debida cos concelleiros que teña cada grupo ou partido político, tomando como base de dita proporción a que exista en cada momento nas comisions informativas do Concello de Ribadavia.

- Asemesmo será vocal unha persoa non concelleiro, ben do propio concello de Ribadavia ou ben non vinculada o concello de Ribadavia, que teña coñecementos probados na praza a que se opta.

- Un representante do comite de empresa ou delegado de persoal do Concello.

O Tribunal non poderá actuar ou constituirse wen a presenza da maioría dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do secretario.

O Tribunal actuará con suxección ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

8.- PROCEDEMENTO DE SELECCION.

O Tribunal valorará a documentación presentada de acordo co baremo de méritos xerais que figuran nas presentes bases, así como dos que en cada caso se prevexan nas bases específicas que se aproben para a convocatoria.

Por resolución da Alcaldía aprobarse a lista de admitidos e excluídos ó concurso, que se fixara no Tableiro de anuncios do Concello de Ribadavia, concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións subsanacións de erros ou aportación de documentación complementaria.

En dito Taboleiro tamén aparecera a data de realización das probas teóricas e/ou prácticas, relacionadas co contido da praza que se convoque, para valora-la idoneidade, motivación e adecuación ó posto de traballo.

O cuarto día natural (ou ó posterior hábil seguinte para o caso de tratarse dun festivo), a contar dende que se puxo no taboleiro a lista de admitidos - en caso de non facer falta probas teóricas e/ou prácticas- ou a contar dende que se realicen ditas probas, reunirse o Tribunal para a valoración dos méritos e das probas, publicándose no

taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos aspirantes que fosen declarados seleccionados.

O Tribunal formulará proposta de contratación en número que non exceda das prazas a cubrir sen prexuízo de que nas bases específicas se poida propoñer formar unha bolsa de traballo así coma o período de duración da mesma cos aspirantes non seleccionados.

9.- NOMEAMENTO E FORMALIZACION DE CONTRATOS.

A proposta do Tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda.

O acordo que adopte a Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do Concello, para coñecemento de tódolos aspirantes, que poderán interpoñer os recursos previstos na vixente lexislación.

Os contratos serán formalizados polo Sr. Alcalde.

10.- BASES ESPECIFICAS.

Para cada convocatoria aprobaranse unhas bases específicas que se publicarán no taboleiro de anuncios do Concello e que terán como mínimo o seguinte contido:

- Número e denominación das prazas que se convoquen.
- Titulación esixida ou equivalente, tanto acedémica como profesional, carnés, etc.
- Tipo, duración e características do contrato a formalizar
- O baremo que rexerá o concurso que será o recollido nas presentes bases, se ben poderase estender a calquera outro méritos que o órgano convocante considere conveniente para a praza obxecto de convocatoria, así como a súa correspondente valoración
- Na medida do posible as probas se relizaranse fora da xornada de traballo dos membros da corporación municipal que formen parte do Tribunal.

DISPOSICION ADICIONAL.

A entrada en vigor destas bases, toda relación laboral con este Concello de Ribadavia, axutarase as mesmas. Sen embargo, por urxencia xustificada, ou cando así se recolla nas ordes que regulen a concesión de subvencións, a Alcaldía poderá acudir a contratación sen suxección o

procedemento regulado nestas bases mediante oferta xenérica de emprego dirixida a Oficina de Emprego.

DISPOSICION FINAL.

As presentes bases entrarán en vigor o día seguinte da súa aprobación polo órgano competente

ANEXO 1º

MODELO DE INSTANCIA

D/a.....

provisto/a de D.N.I. nº con enderezo na rua.....

nº.... piso..... C.Postal..... Localidade.....
Municipio..... Provincia..... Teléfono.....

Enterado/a da convocatoria pública realizada polo Concello de Ribadavia para a contratación en réxime laboral e por tempo definido e determinado de..... posto/s para.....

D E C L A R O:

1º.- Que conozo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

2º.- Solicito ser admitido/a ó referido concurso, e comprometéndome a someterme ás bases que o regulan.

A tal efecto e como acreditación dos requisitos esixidos, achego á presente (sinalar cun número ou cunha aspa-X, segundo corresponda, o que se alegue e uni-los certificados ou xustificantes oportunos, segundo as bases publicadas):

CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS:

* Copia cotexada do D.N.I. ou documento que proceda para os estranxeiros.

* Certificado municipal de empadronamento da unidade familiar.

* Documentos acreditativos dos períodos de inscrición coma demandante de emprego na oficina pública de emprego.

* Informe da vida laboral emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social ou certificación negativa da vida laboral.

* Declaración de non estar incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico que lle impida o desempeño do posto de traballo (Anexo II).

* Meses de servicios voluntarios prestados á Comunidade.

EXPERIENCIA PROFESIONAL E MERITOS ACADEMICOS.

* Meses de servicio prestados no Concello de Ribadavia na mesma categoría á que se pretende acceder.

* Meses de servicio prestados noutras Administraciones Públicas na mesma categoría á que se pretende acceder.

* Meses de servicios prestados na empresa privada na mesma categoría.

* Meses de prácticas profesionales na mesma categoría á que se pretende acceder.

* Cursos de formación, perfeccionamento ou xornadas relacionadas coas funcións propias da categoría á que se opta (acreditarânse mediante copias cotexadas):

* Ata 30 horas.

* Ata 100 horas.

* De máis de 100 horas.

* Xornadas.

* Copia cotexada da titulación académica esixida.

* Copia cotexada da titulación, certificacións profesionais ou carnés esixidos.

* Copia cotexada da titulación académica superior á esixida.

* Copia cotexada das outras titulacións superiores ás esixidas.

* Coñecemento acreditado do idioma galego.

* Documentación conforme ó apartado 10 destas bases, que se relaciona a continuación e que se considera conveniente para a praza obxecto de convocatoria:

ANEXO II

DECLARACION RESPONSABLE.

D/a..... provisto de
D.N.I. nº....., con enderezo na rúa.....
núm..... piso..... C.P..... Localidade.....
Municipio.....Provincia..... Teléfono.....

DECLARO: Que non estou incurso en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño do posto de traballo e que acreditarei fehacientemente se o Concello o require.

Ribadavia,..... de..... 2002".

8.- APROBACION, SE PROCEDE, DO CAMBIO DE DATA DA SESION ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE O MES DE MARZO.-

O Sr. Secretario de orde do Sr. Alcalde procede a dar lectura ó dictame da Comisión Informativa de Servicios, Medio Ambiente, Persoal e Réxime Interior, que inclúe Policía Local e Tráfico celebrada o pasado 21 de Febreiro que di: "Os membros integrantes da Comisión Informativa, por unanimidade, dictaminan favorablemente o cambio da sesión ordinaria do Iltmo. Concello Pleno correspondente ó mes de Marzo, para o vindeiro 22 de marzo, quedando as Comisións Informativas para o vindeiro día 20 de marzo".

Sen necesidade de entrar en debate sométese a proposta transcrita, a votación ordinaria obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

9.- MOCIONS, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Don Francisco Alonso Fernández, Concelleiro do grupo municipal do B.N.G., fai a presentación da seguinte moción de urxencia:

"A Corporación Municipal de RIBADAVIA, quere manifestar o seu agradecemento a D. ANGEL GONZALEZ PEREZ o apoio que no seu mandato como Presidente do Consello Regulador tivo cara as actividades municipais, así como coas asociacións e colectivos, e dun xeito especial pola súa implicación e apoio á Feira do Viño, coa que veu incrementando as súas

aportacións convertíndose en Coorganizador da mesma e involucrándose na Reforma e Innovación cara as próximas Edicións".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Don Francisco Xabier Carreira Sebio, voceiro do grupo municipal do B.N.G., fai a presentación da seguinte moción de urxencia:

PRIMEIRA.- "Os concellais que suscriben membros da Corporación Municipal, acolléndose ó previsto nos artigos da LRBRL e 91.4 do ROF e 23.1 do Regulamento Orgánico, formulan a seguinte MOCION para o seu debate polo trámite de URXENCIA:

A Corporación tense manifestado reiteradamente as súas queixas pola deficiencia no Servicio Municipal de Auga e Saneamento que xestiona a concesionaria do servicio TEDESA.

Asimesmo ten manifestado a súa preocupación polo estado das instalacións e o funcionamento deficiente das mesmas.

Tamén se veñen repetindo os desencontros coa Empresa polas Contas presentadas e en xeral polas cuestións económicas.

Co fin de atallar esa situación e tendo en conta anteriores pronunciamentos é polo que se formula a seguinte PROPOSTA:

O Pleno da Corporación acorda CONSTITUIR A COMISION DE SEGUIMIENTO DO CONTRATO DO SERVICIO DE AGUA, SANEAMIENTO E DEPURACION que estará formada polo Alcalde ou persoa en quen delegue e 1 concelleiro de cada Grupo, o Aparellador-Jefe dos Servicios Urbanísticos e o Secretario-Interventor, que realizará a función de secretario da mesma.

O Pleno encárgalle á citada Comisión que, unha vez oída a Empresa, realice un Informe no prazo de 1 mes sobre o correcto cumprimento do Contrato e das Bases do Concurso por parte da Empresa Concesionaria e do Estado e Funcionamento das Instalacións. Ribadavia, a 28 de febreiro de 2002".

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

SEGUNDA.- "MOCION DE URXENCIA SOBRE FUNDACION BALNEARIO VILA DE PREXIGUEIRO".

Ante a falla de información detallada sobre a situación económica e a xestión de fondos públicos e privados que nos últimos anos ven realizando esta Fundación, despois de ter solicitado a esta Alcaldía, hai máis de un ano, o acceso ás contas da citada Fundación e tendo en conta as negociacións que se veñen realizando coa Fundación "San Rosendo" sobre a cesión das augas e diversas inversións no lugar de Prexigueiro, que para estes Concelleiros son totalmente descoñecidas, e dadas as informacións contradictorias que se están a producir nos medios de comunicación e mesmo nos veciños de Prexigueiro, e dado que neste Concello non obra ningunha documentación da citada Fundación mesmo non se ten ningunha constancia de quen son os actuais Secretario e Tesoureiro nin a súa dirección nin os seus teléfonos, na defensa dos intereses do Concello de Ribadavia e dos seus veciños, é polo que propoñemos a este Pleno que tome os seguintes acordos:

1º. Esixir que no prazo máximo de 15 días se convoque unha reunión extraorddinaria da citada Fundación que inclúa na súa orde do día os seguinte puntos:

a) Dar conta da situación en que quedaron as instalacións ó rematar a Escola Taller.

b) Dar conta da situación económica actual da Fundación Balneario Vila de Prexigueiro.

c) Informe detallado sobre a inversión realizada cos máis de 20 millóns que entregou Hidrogiesta.

d) Informe detallado sobre a inversión realizada coas subvencións recibidas, en concreto cunha de Turismo da Xunta de uns 30 millóns de pesetas. E sobre o cumprimento das condicións en que foi concedida a citada subvención: postos de traballo creados e que os ven desempeñando.

2º.- Revisión das contas polos técnicos do noso Concello e emisión dun informe.

3º.- Informe técnico sobre as obras realizadas e valoración económica delas por parte do Aparellador Municipal e a emisión do conseguinte informe.

En Ribadavia, a 28 de febreiro de 2002.

Asdo: Francisco Alonso Fernández.- Asdo.: Fco. Xabier Carreira Sebio".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, Concelleiro do grupo mixto, para sinalar que pensa que dita petición debería realizarse á Fundación, sobre todo se temos en conta que no derradeiro Pleno foi designado representante nese organismo.

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente para sinalar que non hai inconveniente en aproba-la moción, indicando que as contas están realizadas.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para sinalar que solicitou no Concello documentación, se ben non hai ningunha. Finaliza a súa intervención dicindo que cando teña información, informará ós membros da Corporación.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que hai que facer un esforzo por normaliza-lo funcionamento da Fundación; di que non lle parece lóxico que se leven as contas a unha xestoría, recordándolle ó Sr. Alcalde que tódolos acordos que se adopten deben pasar polo Pleno.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., fai a presentación da seguinte moción de urxencia:

PRIMEIRA.- "Os Concellais membros da Corporación Municipal de RIBADAVIA que suscriben, acollándose ó previsto no artigo 46 da LRBRL, 91.4 do ROF, entre outras, formulan a seguinte MOCION para o debate polo Pleno polo trámite de URXENCIA:

O Concello de RIBADAVIA constituiu no seu día unha COMISION DE SEGUIMIENTO do Plan Especial do Casco Histórico. Unha das fallas máis evidentes na súa composición é a falta de pluralidade.

Por elo e co fin de mellorar a representación da Corporación na citada Comisión é polo que se formula a seguinte PROPOSTA de Acordo:

O Pleno da Corporación acorda MODIFICAR a composición da Comisión de Seguimento do seguinte xeito "cada Grupo Municipal terá polo menos 1 representante".

Con ese obxecto a partir da próxima reunión convocarase a un representante dos Grupos do PSdeG-PSOE e do BNG.

Ribadavia, a 28 de Febreiro de 2002".

Intervén Don Xosé Pérez Iglesias, Alcalde-Presidente do Concello, para sinalar que o que se propón supón unha modificación do Plano Especial e elo leva consigo unha tramitación, dicindo que haberá que facer unha consulta a Urbanismo sobre o procedemento a seguir. Finaliza a súa intervención para dicir que se compromete a convoca-los membros da oposición ás seguintes comisión de seguimento na calidade de convidados.

Intervén Don Miguel Fidalgo Areda, voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., para sinalar que a moción é a que é e solicita que se someta a votación; di que a modificación que se propón é tan nimia que no cre que haxa problemas para facela, xa que a mesma afecta soamente ó artigo 16.1.3 da Ordenanza do P.E.R.I.. Finaliza a súa intervención solicitando que tramite a modificación ante os organismos competentes e mentres tanto se convoque ós membros da oposición ás comisións de seguimento.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

SEGUNDA.- "Os Concellais do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE no Concello de RIBADAVIA, Formulan para o seu debate polo Pleno a seguinte MOCION polo trámite de URXENCIA:

Os Concellais deste Grupo teñen presentado unha Petición de solicitude de información e diversos INFORMES TECNICOS en diversas ocasións. Así con data 11 de OCTUBRO de 1999 formularon a súa petición. En diversos Plenos e Comisións e por escrito veñen reiterando a súa petición insatisfeita basecamente no que respecta a execución de diversas OBRAS PUBLICAS que este Grupo desea controlar.

O VALEDOR DO POBO con data 30 de Marzo de 2000 dictaminou que ditos Informes deberían ser facilitados, comprometéndose a elo o Alcalde nos escritos que lle remitiu. Advirte o Valedor dos artigos do Código Penal que persiguen este tipo de comportamentos do Alcalde.

Aínda con data 17 de xullo de 2001 se reiterou a petición, recopilando as peticións de Informe sobre Obras Públicas executadas.

O Alcalde non só non facilitou eses Informes que se comprometeu a encargar, senón que cando lle pasou a petición ó Aparellador só pasou o último escrito, non o expediente completo, e cun oficio que descoñecemos e que máis ben parece que era para que non se fixeran.

Por elo é polo que formulan a seguinte PROPOSTA.

O Pleno da Corporación ACORDA que se realicen os INFORMES TECNICOS sobre Obras Públicas que ven solicitando o Grupo do PSdeG-PSOE.Ribadavia a 28 de febreiro de 2002".

Intervén Don Antonio Domínguez Lorenzo, Concelleiro do grupo mixto, para sinalar que o escrito do grupo municipal do P.S.O.E., remitiuse ó Sr. Aparellador quen emitiu o correspondente informe, do cal deuselle traslado.

Intervén Don Francisco Xabier Carreira Sebio, en manifesta-la súa conformidade coa moción indicando que o seu grupo solicitaría outros informes, como sobre a execución da obra da Casa Consistorial; di que en determinadas obras públicas son necesarios os informes do técnico do Concello, por eso manifestan que o Servicio de Urbanismo necesita un reforzo dende hai tempo.

Intervén o Sr. Alcalde para manifestar que solicitou informe ó Sr. Aparellador e deuselle traslado do mesmo, outra cousa é que non estea satisfeito coa resposta dada.

Intervén o Sr. Fidalgo Areda, para sinalar que a solicitude de informes data do 11 de outubro de 1999 e referíase a presuntas irregularidades en obras públicas; di que sobre dita petición pronunciose o Valedor do Pobo con data 30 de

novembro do 2000, recordándolle a obriga de facilitar dita documentación e nas responsabilidades nas que podía incorrir. Finaliza a súa intervención dicindo que no caso que non se faciliten ditos informes solicitará unha Auditoria Técnica de determinadas obras, esixindo responsabilidades a tódolos implicados.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da urxencia da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez e Grupo Mixto).- Por conseguinte, por maioría absoluta fica aprobada a urxencia da moción.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da moción presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.S.O.E., B.N.G. e Dona María José Escudero Estévez); votos en contra, seis (P.P. a excepción de Dona María José Escudero Estévez e Grupo Mixto).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada dita moción.

Don Francisco Xabier Carreira Sebío, Voceiro do grupo municipal do B.N.G., formula as seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que se arranxase o camiño de acceso entre a rúa extramuros e as beiras do Avia, á altura do establecemento denominado Big-Ban, para que os veciños poidan acceder ás súas casas axeitadamente.

2ª ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que se cumpra a moción aprobada polo Pleno e se proceda ó pintado dos pasos de peóns, así coma tamén, que se conserve o trozo da muralla do Castelo existente ó caron da vía do tren.

1ª PREGUNTA.- Interésalle saber se a instalación eléctrica feita nos marxes do río Avia vai a ser temporal ou permanente.

Resposta o Sr. Alcalde: É temporal xa que no proxecto establécese a canalización subterránea.

2ª PREGUNTA.- En relación ó Cemiterio municipal, interesaríalle saber se o Sr. Alcalde é coñecedor de que se están facendo nichos, incluso nas zonas de setos e camiños, que se está a traballar de noite introducindo materiais pola parte traseira e que se barrallan cifras de venda; interésalle, pois, saber se o Sr. Alcalde é coñecedor destes feitos, se o Concello está intervindo nestas

actuacións e que se ten previsto facer dende o Concello para evitar dita especulación.

Resposta o Sr. Alcalde: Descoñece o tema se ben tratará de averigualo; di que no caso de falecemento de xente que o necesita trátaselle de buscar un oco; di que no caso que á marxe do Concello se estea facendo algunha intervención no Cemiterio tomará as medidas oportunas.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para que o técnico do Concello faga un informe sobre a situación do Cemiterio e as derradeiras obras feitas aló. Finaliza a súa intervención solicitando o estudo da ampliación do Cemiterio.

Resposta o Sr. Alcalde para manifestar que non se pode ampliar xa que non cumpriría as medidas legais oportunas.

3ª PREGUNTA.- En relación co Castelo, considera que é necesario retirar as valas de madeira existentes diante do Castelo e que revise o estado da muralla na zona do Cubo, xa que cando se arranxou esa zona apoiáronse na Casa Dona Nona e edificios colindantes, existindo nestes intres pedras que se atopan incrustadas.

Resposta o Sr. Alcalde: Patrimonio ten prevista unha partida presupostaria para afianzar todo o que ten risco de derrubamento.

4ª PREGUNTA.- En relación coa gardería comarcal, interésalle saber se a comida se segue elaborando na vella sede e se cumpre coa normativa sanitaria, así coma cando se lle vai ordenar a Telefonica que retire a antena existente establecida a carón da Casa de Cultura, xa que aló está ubicada a gardería.

Resposta o Sr. Alcalde: En canto ás antenas de telefonía di que a Ordenanza foi obxecto de alegación por Telefónica e Retevisión; en canto á elaboración da comida da gardería, di que pensa que cumpre coa normativa sanitaria, se ben solicitará o correspondente informe.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para preguntar polo lugar de xogo dos rapaces da gardería cando chove e se a cesión do inmovible da Alameda se fixo ó Concello e tamén se existe autorización do Consello Escolar.

Resposta o Sr. Alcalde para dicir que habilitouse o hall da Casa de Cultura como lugar de xogos; en canto á cesión das plantas do edificio da Alameda solicitouse á Consellería que a mesma se faga ó Concello para despois o Concello

cederllela á Mancomunidade para uso de gardería infantil; en canto á autorización do Consello escolar non ten inconveniente en que se pronuncie, indicando que a súa única pretensión e que se faga a gardería.

5ª PREGUNTA.- Interésalle saber cando se lle vai a facilita-la documentación solicitada á Mancomunidade sobre o Matadoiro Comarcal.

Resposta o Sr. Alcalde: A documentación solicitada é numerosa e facilitaráselle en vindeiras datas.

Intervén o Sr. Carreira Sebio, para dicir que se é moita a documentación que se lle facilite por anos; non entende que haxa déficit se hai tantas matanzas así coma tamén solicita o convenio coa empresa Viana e porque matan tan poucos carniceiros do Ribeiro no Matadoiro Comarcal.

Resposta o Sr. Alcalde: di que o déficit ven determinado polo mal das vacas tolas, xa que hai que pagar unhas taxas e pola renovación das instalacións; en canto ó porqué non matan os carniceiros do Ribeiro habería que preguntárllelo a eles.

Don Miguel Fidalgo Areda, Voceiro do grupo municipal do P.S.O.E., formula as seguintes rogos e preguntas:

1º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que estea activo no grupo de traballo creado para o Leader Plus, xa que da documentación facilitada do programa europeo Equal á participación de Ribadavia está moi diluida.

2º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que faga xestións e que persevere na xestión das moción aprobadas tanto en Plenos pasados como nas aprobadas hoxe.

3º ROGO.- Rogaríalle ó Sr. Alcalde que inste ó Concelleiro de Facenda a que convoque a Comisión Informativa xa que na mesma hai moitos asuntos que tratar.

1ª PREGUNTA.- En relación coa gardería comarcal a ubicar no edificio da Alameda, interésalle saber se a contratación da obras está feita e que previsión de ocupación hai do local.

Resposta o Sr. Alcalde: Hai empresas que consultaron o proxecto, se ben sen os permisos e autorizacións pertinentes non se comezará a obra.

E sendo as dez menos dez da noite, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

